

# CONCRECIÓN CURRICULAR

IES CHAN DO MONTE



DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 20 de abril de 2022

DATA 1ª REVISIÓN: 30 de xuño de 2022

DATA 2ª REVISIÓN:

## TÁBOA DE CONTIDO

1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. PERFÍS COMPETENCIAIS DE AREA/MATERIA. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES CONCRETADOS POR NIVEL EDUCATIVO.....	4
2. CONCRECIÓNS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA.....	11
3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	12
3.1. CRITERIOS XERAIS PARA AGRUPAMENTOS DO ALUMNADO.....	15
4. RECURSOS E MATERIAIS.....	15
5. TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS NAS ÁREAS/MATERIAS CONCRETADOS POR NIVEL EDUCATIVO.....	16
6. PROXECTOS E PROGRAMAS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO.....	18
6.1 INNOVACIÓN E CALIDADE EDUCATIVA.....	18
6.2 IDIOMAS.....	18
7. MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN.....	19
8. CRITERIOS PARA DESEÑAR, SELECCIONAR, ORGANIZAR E AVALIAR AS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	19
9. PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE O USO DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES.....	20
10. CANAIS DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E ALUMNADO.....	20
11. AVALIACIÓN DO ALUMNADO.....	21
I. DATAS DAS AVALIACIÓNS.....	21
II. AVALIACIÓN INICIAL.....	26
III. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO DA ESO.....	27
IV. CRITERIOS DE TITULACIÓN DO ALUMNADO DA ESO.....	28
V. MATRÍCULA DE HONRA NA ESO.....	28
VI. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE BAC.....	29
VII. CRITERIOS DE TITULACIÓN DO ALUMNADO DE BAC.....	29
VIII. MATRÍCULA DE HONRA EN BACHARELATO.....	29
IX. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE FP BÁSICA.....	30
X. CRITERIOS DE TITULACIÓN DO ALUMNADO DE FP BÁSICA.....	31
XI. MATRÍCULA DE HONRA EN FP BÁSICA.....	32
XII. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE CICLOS MEDIOS E SUPERIORES.....	32
XIII. CRITERIOS DE TITULACIÓN DO ALUMNADO DE CICLOS MEDIOS E SUPERIORES.....	32
XIV. MATRÍCULA DE HONRA EN CICLOS MEDIOS E SUPERIORES.....	33
XV. PROTOCOLO PARA A ELABORACIÓN DE PLANS ESPECÍFICOS PARA ALUMNADO QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO CURSO.....	34



XVI. CRITERIOS XERAIS PARA TRATAMENTO DAS MATERIAS PENDENTES.....	35
XVII. PROCEDEMENTO DE REVISIÓN E DE RECLAMACIÓNS AO LONGO DO CURSO E ÁS QUALIFICACIÓNS FINAIS.....	36
XVIII. CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MENCIÓNS HONORÍFICAS .....	38
12. CRITERIOS XERAIS DA AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE E DO PROCESO ENSEÑANZA APRENDIZAXE. CONCRECIÓN DOS INDICADORES DE LOGRO.....	39
13. DECISIÓNS E CRITERIOS XERAIS NA ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.....	41
14. ANEXO I.....	45

## 1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. PERFÍS COMPETENCIAIS DE AREA/MATERIA. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES CONCRETADOS POR NIVEL EDUCATIVO

As competencias básicas poden ser definidas como unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para acadar unha acción educativa eficaz.

Ditas competencias clave aparecen recollidas na *Orde ECD/65/2015 do 21 de xaneiro*, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

As competencias clave son:

1. Competencia en comunicación lingüística (CCL)
2. Competencia matemática e científico-tecnolóxica (CMCT)
3. Competencia dixital (CD)
4. Aprender a aprender (CPAA)
5. Competencias social e cívica (CSC)
6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (SIE)
7. Conciencia e expresións culturais (CEC)

Para a súa consecución o equipo docente do IES Chan do Monte diseña diversas estratexias:

- Planificación de tarefas
- Proxectos interdisciplinarios e colaborativos
- As programacións dos diferentes departamentos didácticos

A *Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación profesional*, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso



académico 2022/2023, establece no *seu Artigo 44* adicado as programacións didácticas:

1. Os departamentos didácticos dos centros docentes desenvolverán o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia de cada curso que teña encomendada na organización docente do centro.
2. A programación didáctica deberá ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de xeito coordinado entre o profesorado integrante do departamento.
3. As programacións didácticas das materias de primeiro e terceiro da ESO e de primeiro de bacharelato, incluírán en cada materia, polo menos, os seguintes elementos:
  - ✓ Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
  - ✓ Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluírán a parte do currículo da área, materia ou ámbito que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación.
  - ✓ Concrecións metodolóxicas.
  - ✓ Materiais e recursos didácticos.
  - ✓ Procedemento de avaliación inicial.
  - ✓ Criterios de cualificación e criterios de recuperación.
  - ✓ Medidas de atención a diversidade.
  - ✓ Concreción dos elementos transversais e actividades complementarias.

4. As programacións didácticas das materias de segundo e cuarto da ESO e de segundo de bacharelato, incluírán en cada materia, polo menos, os seguintes elementos:
  - ✓ Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
  - ✓ Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
  - ✓ Concrecións metodolóxicas.
  - ✓ Criterios sobre a avaliación e a cualificación.
  - ✓ Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, de ser o caso.
5. Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis de cada área e curso estarán contextualizados ás características do centro e do propio alumnado. Estes quedarán plasmados nas correspondentes programacións didácticas de cada materia ou área.
6. Na avaliación ordinaria recolleranse as cualificacións das competencias adquiridas polo alumnado. Os valores realizaranse mediante o cálculo ponderado empregando a cualificación final de cada materia e o peso establecido pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro ([Ver Anexo I](#)) para cada materia en cada competencia. Este resultado será supervisado pola xunta de avaliación que determinará o grao competencial de cada alumno ou alumna.

Na avaliación ordinaria de cada curso da ESO realízase unha valoración das competencias clave e os resultados exprésanse en termos de:

- ✓ Insuficiente (IN)
- ✓ Suficiente (SU)

- ✓ Ben (BE)
- ✓ Notable (NT)
- ✓ Sobresáinte(SB)

As cualificacións das competencias teñen como base para o seu cálculo as porcentaxes de contribución de cada materia á consecución da mesma tendo presente **uns indicadores de logro**.

En cada unha das competencias básicas establécense 5 indicadores de logro considerados como aprendizaxes imprescindibles:

### Competencia en comunicación lingüística (CCL)

1. Expresarse oralmente e por escrito con corrección, adecuación e coherencia, respectando as normas de comunicación en calquera contexto.
2. Comprender o sentido dos textos orais e escritos
3. Coñecer e usar os procedementos expresivos de carácter léxico, gramatical ou retórico que aseguren a coherencia, cohesión e adecuación do que se pretende expresar.
4. Utilizar resumes, esquemas e mapas conceptuais dun texto lido.
5. Expresarse con fluidez e corrección oralmente e por escrito nunha ou máis lingua estranxeiras segundo as pautas indicadas no *Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas*.

### Competencia matemática/científico-tecnolóxica (CMCT)

1. Aplicar procedementos científicos e matemáticos que permitan a análise de datos, extracción de conclusións, operando, calculando e expresando correctamente as medidas e realizando cálculos para resolver problemas expresando correctamente o resultado.
2. Aplicar fórmulas e algoritmos necesarios para resolver problemas de natureza matemática.





3. Describir, interpretar e predicir fenómenos sinxelos observables no mundo físico-químico e natural.
4. Comprender e valorar a incidencia da acción humana no medio e a necesidade de protección e mellora do Medio Ambiente, o aforro e novas fontes de enerxía e a reciclaxe.
5. Planificar e construír situacións experimentais usando instrumentos e medicións.

### Competencia dixital (CD)

1. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información e das novas tecnoloxías para adquirir novos coñecementos con sentido crítico.
2. Procurar, seleccionar, rexistrar e almacenar en distintos soportes información textual, icónica, etc. de internet atendendo ao tipo de información, á adecuación das fontes, posibilidades de adecuación, etc.
3. Participar a través das ferramentas que ofrece a rede en traballos cooperativos e en sistemas de comunicación grupal.
4. Coñecer e usar os programas de ofimática e de creación multimedia básicos.
5. Comprender os distintos riscos asociados o emprego das novas tecnoloxías e como evitalos.

### Competencias sociais e cívicas (CSC)

1. Facilitar, a través do traballo con diferentes tipos de textos e situacións de comunicación, a aproximación crítica á realidade, así como o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís.
2. Coñecer a realidade social e histórica a partir de distintas fontes, e opinar e argumentar fomentando a capacidade de diálogo para a resolución de conflitos.



3. Desenvolver valores inherentes ao respecto dos dereitos humanos (formas de pensar, actuar, razoar, diversidade social, etc.)
4. Desenvolver un interese polas linguas estranxeiras
5. Adquirir competencias de comportamento individual que capacitan ás persoas a convivir nunha sociedade cada vez máis plural: tolerancia, cooperación, etc.

### Conciencia e expresión culturais (CEC)

1. Mostrar respecto cara o patrimonio cultural nas súas distintas vertentes e cara as mulleres e homes que contribuíron ao seu desenvolvemento.
2. Valorar a interculturalidade coma unha fonte de riqueza persoal e cultural e prezar a beleza das expresións artísticas.
3. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.
4. Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega.
5. Recoñecer a cultura científica como un conxunto de coñecementos estruturados en teorías que influíron na nosa forma de entender a realidade e polo tanto contribuíron a nosa cultura.

### Aprender a aprender (CPAA)

1. Xerar e aplicar estratexias para mellorar a aprendizaxe en distintos contextos.
2. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
3. Xestionar os recursos, motivacións e intereses persoais a favor da aprendizaxe mediante a planificación e organización do traballo.



4. Contribuír coa linguaxe á estruturación do pensamento e ao control da aprendizaxe, en concreto, a perfeccionar a lectura comprensiva, a composición de resumos e de esquemas que organicen as ideas, a interpretación das informacións lingüísticas, a exposición e as conclusións sobre tarefas académicas, etc.
5. Adquirir valores e actitudes clave para o proceso de aprendizaxe: confianza nun mesmo, motivación...

### Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (SIE)

1. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo o que supón pór en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisións na planificación, organización e xestión do traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.
2. Fomentar o traballo cooperativo na aula e o emprego de recursos persoais e habilidades sociais de colaboración e negociación .
3. Asumir un sentido crítico e de responsabilidade e unha capacidade de asunción de riscos.
4. Elaborar e defender traballos de investigación sobre diferentes temas que permitan desenvolver unha aprendizaxe autónoma.
5. Desenvolvemento da capacidade creadora e innovadora: creatividade, imaxinación, etc.

### Ponderación da contribución de cada materia ás competencias clave

A nota de cada competencia se calculará usando unha media ponderada a partir das notas das distintas materias, seguindo as ponderacións establecidas nas táboas incluídas neste apartado. A fórmula resultante é :

$$N_{competencia} = \frac{\sum Ponderaciónmateria \cdot Notamateria}{\sum Ponderaciónmateria}$$

onde  $\sum Ponderaciónmateria \cdot Notamateria$  : é a suma do produto da nota da materia pola súa ponderación correspondente nesa competencia.

$\sum Ponderaciónmateria$ : é a suma das ponderacións das materias en dita competencia.

Para ambos cálculos se usará unicamente ás materias nas que este matriculado o alumno/a.

As estándares de aprendizaxe avaliábeis ou especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados da aprendizaxe e concretar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada unha das áreas deben ser observables, medibles e avaliábeis e permitir graduar o rendemento e o logro acadado. ([Ver Anexo I](#))

## 2. CONCRECIÓNS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA

As propostas metodolóxicas teñen que por especial énfase no acceso de todo o alumnado a educación básica e atención á diversidade de alumnado.

Tendo en conta isto, as metodoloxías deberán ser diversas de acordo coas características específicas do grupo ao que nos diriximos e facilitar o desenvolvemento de estratexias que permitan o traballo por competencias.

Na súa práctica docente, o profesorado do IES Chan do Monte atenderá aos principios pedagóxicos que inspiran as ensinanzas do currículo e á didáctica específica das materias que imparte, pero a continuación recóllense unha serie de criterios metodolóxicos xerais que cada departamento concretará nas diferentes programacións didácticas:

- Opcións metodolóxicas axustadas ao nivel inicial do que parte o alumnado e que potencien a aprendizaxe autónoma, activa e participativa do alumnado.
- Opcións metodolóxicas que conceden importancia á comprensión lectora.
- Opcións metodolóxicas que promoven o emprego das novas tecnoloxías de información e comunicación na aula como recurso metodolóxico complementario que axude na formación do alumnado.
- Opcións metodolóxicas apoiadas en estruturas de aprendizaxe cooperativa e estratexias interactivas que permitan dinamizar as sesións de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas.
- Opcións metodolóxicas baseadas no traballo por proxectos.
- Opcións metodolóxicas que evitan o uso de modelos de ensino aprendizaxe baseados na transmisión memorística de coñecementos.

### 3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOMLOE) regula no artigo 1* como principios educativos a equidade, que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades, tamén entre mulleres e homes, que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de calquera tipo de discapacidade.

A *LOE dedica o Título II* integramente á equidade na educación. Neste apartado, a norma define como alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria por:

- ✓ Presentar necesidades educativas especiais.
- ✓ Retraso madurativo.



- ✓ Trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación.
- ✓ Trastornos de atención ou de aprendizaxe.
- ✓ Situación de vulnerabilidade socio educativa.
- ✓ Altas capacidades intelectuais.
- ✓ Incorporación tardía ao sistema educativo.
- ✓ Condicións persoais ou de historia escolar.

*O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia desenvolve o Título II da LOE.*

*O Decreto, pola súa banda, foi desenvolvido pola Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Esta normativa é de obrigada aplicación en todos os centros educativos e para todo o alumnado, polo tanto, o IES Chan do Monte trata de aplicar as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás circunstancias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo de acordo coa mencionada normativa.

### Medidas ordinarias de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade ordinarias son todas as que facilitan a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado. O centro educativo non precisa autorización para desenvolverlas

Entre as medidas ordinarias figuran:

- ✓ Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos e espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.



- ✓ Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- ✓ Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- ✓ Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- ✓ Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- ✓ Desdobramento de grupos.
- ✓ Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- ✓ Programas de enriquecemento curricular.
- ✓ Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- ✓ Programas de recuperación.
- ✓ Programas específicos personalizados.
- ✓ Programas de habilidades sociais.

### Medidas extraordinarias de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade extraordinarias de aplicación unha vez esgotadas as ordinarias están destinadas unicamente ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e que poden requirir modificación significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, nos elementos de acceso ao currículo e/ou na modalidade de escolarización.

**O centro educativo PRECISA AUTORIZACIÓN para desenvolverlas.**

Entre as medidas extraordinarias figuran:

- ✓ Adaptacións curriculares.
- ✓ Agrupamentos flexibles.
- ✓ Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica (PT) e/ou Audición e Linguaxe (AL).
- ✓ Flexibilización da duración do período de escolarización.
- ✓ Programas de diversificación curricular.



- ✓ Programas de cualificación profesional inicial.
- ✓ Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- ✓ Grupos de adquisición de linguas.
- ✓ Grupos de adaptación da competencia curricular.

### 3.1. CRITERIOS XERAIS PARA AGRUPAMENTOS DO ALUMNADO

É unha medida organizativa de resposta educativa consistente en flexibilizar a organización das aulas formando grupos reducidos de alumnado en cada clase, curso ou nivel seguindo un criterio de capacidades ou intereses, para adecuar e axustar o currículo e as programacións ás características do alumnado.

- ✓ Trátase de agrupamentos de carácter transitorio para apoiar ao alumnado con dificultades de aprendizaxe nas áreas instrumentais (matemáticas, lingua galega ou castelá).
- ✓ Nesas áreas a clase divídese en grupos para poder dar unha atención máis individualizada e adaptada aos alumnos que a necesiten.
- ✓ Destinado ao alumnado que, segundo o criterio do equipo docente presenta dificultades de aprendizaxe e teña unha actitude positiva cara o estudo.
- ✓ O alumnado que forme parte dun agrupamento pertencerá para tódolos efectos a un grupo ordinario de referencia e os agrupamentos específicos resultantes non poderán superar o 40% do horario común do grupo.

### 4. RECURSOS E MATERIAIS

A relación de libros de texto actualizada por nivel educativo correspondente a cada curso escolar estará dispoñible na Programación Xeral Anual (PXA) aloxada na web do Centro.



## 5. TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS NAS ÁREAS/MATERIAS CONCRETADOS POR NIVEL EDUCATIVO

A educación en valores forma parte da educación integral do alumnado e é esencial para o desenvolvemento da súa personalidade. Os valores reflicten o tipo de sociedade que queremos construír.

O *artigo 4 do decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* establece os elementos transversais do currículo que deberán ser traballados en todas as materias ao longo da escolarización do alumnado. Nas Programacións Didácticas dos diferentes departamentos establecerase a concreción do tratamento dos seguintes elementos transversais:

### ➤ **Comprensión lectora e expresión oral/escrita**

Tratarase de adoptar as medidas necesarias para compensar as carencias que poidan existir na competencia en comunicación lingüística, tanto en lingua castelá como en lingua galega, tal e como recolle o *artigo 121 punto 2bis da LOMLOE*.

### ➤ **Educación audiovisual e tecnolóxica**

Tratarase de potenciar entre o alumnado os instrumentos que ofrecen as novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) como medios do proceso de ensino-aprendizaxe.

### ➤ **Educación cívica e constitucional**

Tratarase de promover entre o alumnado a aprendizaxe da prevención da violencia e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, etc.

### ➤ **Educación para igualdade**

Tratarase de fomentar entre o alumnado a participación en actividades que lle permitan comprender a importancia de lograr unha igualdade efectiva

entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, etc.

Nesta liña, e como parte do PEC (Proxecto Educativo de Centro) o IES Chan do Monte conta cun Plan de Igualdade que recolle todas as actuacións a levar a cabo no centro en prol da igualdade real entre mulleres e homes, así como o respecto á diversidade sexual e afectiva-familiar.

#### ➤ **Educación para o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial**

Tratarase de fomentar entre o alumnado a participación en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a con-fianza nun mesmo e o sentido crítico.

#### ➤ **Educación ambiental**

O alumnado deberá ser capaz de identificar e reflexionar sobre os problemas ambientais actuais, cunha perspectiva tanto local como global, como retos ineludibles da nosa sociedade, que lles permita adquirir un sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais e do noso planeta.

Ademais do tratamento específico que se recolle nas diferentes programacións didácticas de cada área / materia, o IES Chan do Monte contempla as seguintes estratexias para o tratamento dos elementos transversais:



- ✓ Celebración e actividades relacionadas coas datas conmemorativas do calendario: día contra a violencia de xénero; día dos dereitos humanos; día da muller e da ciencia; día da paz, etc.
- ✓ Realización de campañas de sensibilización sobre determinados temas: alimentación saudable, consumo responsable, solidariedade; inmigración, etc.
- ✓ Realización de obradoiros e actividades complementarias e extraescolares específicas.

## 6. PROXECTOS E PROGRAMAS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

### 6.1 INNOVACIÓN E CALIDADE EDUCATIVA

O IES Chan do Monte de Marín participa nos seguintes proxectos e programas de innovación e calidade educativa:

- ✓ Plan Anual de Lectura.
- ✓ Plan de Integración das TIC.
- ✓ Plan de Fomento de Estilos de Vida Saudable.
- ✓ Plan Proxecta.
- ✓ Contratos-Programa: Arco, Proa, Iguala-T
- ✓ Proxecto Abalar
- ✓ PLAMBE (Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares). Plan Anual da Biblioteca correspondente ao curso actual 2021-2022
- ✓ Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP)
- ✓ E-Dixgal

### 6.2 IDIOMAS

No curso 2021-2022 o centro contou con 2 seccións bilingües en inglés da materia de Tecnoloxía de 2º e 3º da ESO.

Coa implantación da LOMLOE para o curso 2022-2023 nos cursos de 1º e 3º da ESO, o centro só contará cunha sección bilingüe de Inglés na materia de Tecnoloxía en 2º da ESO.

## 7. MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN

Dende o curso 2019-2020 o centro conta cunha materia de libre configuración do centro para 1º e 2º de Bacharelato de Ciencias, que é Laboratorio. Esta materia de libre configuración do centro, ten una temporalización de 1 sesión semanal, como alternativa á Relixión, e só pode matricularse nela, o alumnado da modalidade de Ciencias que curse as materias de Bioloxía-Xeoloxía en 1º de BAC e de Bioloxía en 2º de Bacharelato.

Para o curso 2022-2023 coa implantación da LOMLOE en 1º de Bacharelato, desaparecen as materias de libre configuración do centro, quedando a materia de Laboratorio, só na oferta de 2º de Bacharelato de Ciencias.

## 8. CRITERIOS PARA DESEÑAR, SELECCIONAR, ORGANIZAR E AVALIAR AS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes.

Teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar, se realizan fóra de horario lectivo e nas que a participación é voluntaria.

As actividades complementarias e extraescolares desempeñan unha función fundamental na formación integral do alumnado e noso centro. Por ese motivo cada departamento marca na súa programación os criterios para seleccionar, organizar e avaliar as actividades

O IES Chan do Monte conta cun departamento de actividades complementarias e extraescolares cuxa xefatura está exercida pola vicedirección do centro.

A comezos do curso académico o departamento de actividades extraescolares e complementarias e os diferentes departamentos didácticos do centro e/ou o equipo de biblioteca e o de normalización lingüística, realizarán na comisión de coordinación pedagóxica as súas propostas de actividades complementarias e extraescolares que se recollerán na programación xeral anual e nas respectivas programacións didácticas.

#### 9. PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE O USO DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES

Á hora de planificar, deseñar e seleccionar as actividades complementarias e extraescolares do curso académico todos os departamentos implicados terán presente as seguintes directrices xerais:

- Vinculación das actividades cos contidos do currículo educativo das diferentes materias / cursos / etapas.
- Transversalidade das actividades entre diferentes departamentos e/ou entidades socioculturais.
- Fomento de actividades de proximidade na contorna do centro educativo.
- Gratuidade da actividade ou redución dos custos da mesma.

#### 10. CANAIS DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E ALUMNADO

Todo o profesorado do centro dispón no seu horario dunha hora de atención aos pais/nais/titores legais do alumnado.

Nos primeiros días do curso escolar celebraranse as xornadas de inicio de curso coas familias e os titores/as e, onde faise entrega dun caderno informativo do centro con información relevante do centro, entre a que se inclúe o día e franxa horaria da hora de titoría de cada un dos grupos da ESO, Bacharelato e FP Básica.

No caso dos Ciclos de Formación profesional de grao Medio e grao Superior, o alumnado é informado da hora de titoría o primeiro día de clase.

Ademais o persoal de conserxería dispón dos horarios do profesorado onde poden consultar o horario de atención ás familias do profesorado do centro e as

familias poden telefonar ao centro para solicitar esa información e pedir cita co titor/a.

O profesorado do centro dispón da aplicación Abalar Móbil e aconséllase ás familias solicitar cita co titor/a por medio de esta aplicación.

As programacións das diversas materias, módulos ou materias estarán dispoñibles na web do centro nos primeiros días de cada curso escolar e poderán ser consultadas polo alumnado e as familias.

## 11. AVALIACIÓN DO ALUMNADO

A avaliación ten como finalidade proporcionar información sobre o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, e mediante esa información, tratarase de detectar o grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa.

### I. DATAS DAS AVALIACIÓNS

O equipo directivo do centro establece as datas das avaliacións do curso tendo en conta os seguintes criterios:

- Cumprimento das datas e/ou prazos determinados nas normas que establecen o calendario escolar para cada curso.
- Busca do máximo equilibrio posible no número de días lectivos en cada un dos períodos de avaliación.
- Adecuación, no 2º curso de bacharelato, das datas de avaliación ao calendario establecido pola CIUG para a realización das probas ABAU.
- Cumprimento da *Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia* e onde se fixan unha serie de criterios a cumprir para a promoción de curso e titulación de etapa.
- Adecuación, no 2º curso dos ciclos formativos en réxime ordinario, das datas de avaliación aos prazos para a realización da FCT.

## Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)

Ao longo de cada curso realizarase para cada grupo 3 sesións de avaliación parciais e o seguimento da recuperación das materias pendentes. A 3ª avaliación parcial realizarase nas datas que se determinen na norma que establece o calendario escolar para cada curso.

A cualificación definitiva das materias farase efectiva na avaliación final de curso. Na avaliación final de cada curso realizarase tamén unha valoración das competencias clave.

O período abranguido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final é un período lectivo de asistencia obrigatoria ao centro educativo para todo o alumnado e dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría:

- a) Para o alumnado que teña materias con partes sen superar logo de realizada a 3ª avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación.
- b) Para o alumnado coa(s) materia(s) superada(s) logo de realizada a 3ª avaliación parcial o equipo docente deseñará actividades de reforzo e/ou ampliación que poderán ser avaliábeis e poderán incrementar a cualificación final segundo o establecido en cada unha das programacións didácticas de cada departamento.

## Bacharelato (BAC)

Ao longo de cada curso realizarase para cada grupo 3 sesións de avaliación parciais e o seguimento da recuperación das materias pendentes. A 3ª avaliación parcial poderá coincidir coa avaliación final ordinaria e realizarase nas datas que se determinen na norma que establece o calendario escolar para cada curso.



A cualificación definitiva das materias farase efectiva na avaliación final de curso.

Tras a avaliación final o alumnado con materias sen superar terá dereito á realización dunha **proba extraordinaria** de cada unha das materias suspensas. Estas probas se celebrarán nas datas que se determinen na norma que establece o calendario escolar para cada curso.

Cando o alumnado non se presente ás probas extraordinarias consignarase **NP (Non presentado/a)**.

- a) No primeiro curso de bacharelato o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría.
- b) No segundo curso de bacharelato o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro educativo manterá o mesmo horario co fin de preparar ao alumnado para a realización da ABAU e as probas extraordinarias.

### FP Básica (FPB)

*A Orde de 13 de xullo de 2015 (DOG nº 137, 22/07/2015) pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón no artigo 20:*

*2. A avaliación dos alumnos/as dos ciclos de formación profesional básica terá carácter continuo, formativo e integrador, permitirá orientar as súas aprendizaxes e as programacións educativas, e realizarase por módulos profesionais.*

*3. A avaliación estará adaptada as necesidades e a evolución dos alumnos/as, particularmente no caso de persoas en situación de discapacidade, para as que se incluírán medidas de accesibilidade que*



*garantan unha participación non discriminatoria nas probas de avaliación.*

*4. O módulo de Formación en centros de traballo, con independencia do momento no que se realice, avaliarase unha vez acadada a avaliación positiva nos módulos profesionais asociados ás unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no período de formación en centros de traballo correspondente.*

*5. A perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo, regulado no artigo 25 da Orde de 12 de xullo de 2011, non será de aplicación ao alumnado de ciclos de formación profesional básica en idade de escolarización obrigatoria.*

**No primeiro curso** realizaranse as seguintes avaliacións:

- a) Tres avaliacións parciais.
- b) Avaliación final de módulos, que se realizará coincidindo coa finalización das actividades lectivas.
- c) Avaliación final extraordinaria para o alumnado con módulos pendentes da avaliación final de módulos, que se realizará nas datas que se establezan na orde pola que se aprobe o calendario escolar para cada curso.

O informe de avaliación individualizado a que se refire o *Artigo 39 da Orde do 12 de xullo de 2011* conterá a información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non acadados polo alumnado, para que se teña en conta na súa posterior aprendizaxe.

**No segundo curso** do ciclo realizaranse as seguintes avaliacións:

- a) Dúas avaliacións parciais de módulos.
- b) Avaliación final de módulos, que se realizará con anterioridade ao período establecido con carácter xeral para a realización da FCT.

c) Avaliación final de ciclo, que se realizará coincidindo coa finalización das actividades lectivas.

Na sesión de avaliación final de módulos, o equipo docente tomará as decisións sobre a superación de módulos de segundo curso e, no seu caso, superación dos módulos de primeiro curso pendentes.

No horario previsto para a docencia dos módulos, o alumnado que non realice a FCT no período establecido con carácter xeral poderá recuperar os módulos pendentes de primeiro e/ou segundo curso neste mesmo período.

A este fin, o equipo docente asignaralle actividades de recuperación para os módulos non superados, con indicación expresa das data na que serán avaliados.

Na avaliación final de ciclo, o equipo docente realizará a proposta de título para o alumnado que obtivera cualificación positiva en todos os módulos do ciclo.

O alumnado que despois da avaliación final de ciclo teña pendente exclusivamente a FCT poderá matricularse en calquera dos períodos establecidos na normativa reguladora. Ao final de cada un destes períodos realizarase unha avaliación final extraordinaria, na que se avaliará unicamente o módulo de FCT, e no seu caso, realizarase a proposta de título correspondente.

### Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior (FP)

*A Orde de 15 de xullo de 2011 (DOG nº 136, 15/07/2011) pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, dispón no Capítulo IX:*



**No primeiro curso** realizaranse as seguintes avaliacións:

- a) Ao longo de cada curso realizarase para cada grupo 3 sesións de avaliación parciais e o seguimento da recuperación das materias pendentes.
- b) Entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final de módulos deixarase un período non superior a tres semanas, que entre outras actividades, destinarase á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes.

**No segundo curso** as clases rematarán a finais do segundo trimestre .

- a) O alumnado con resultados satisfactorios realizarán a FCT no período de abril a xuño e serán avaliados en xuño cando se realizará a proposta de título unha vez superada a FCT e o Proxecto (no caso de ciclos superiores).
- b) O alumnado con módulos pendentes non poderán realizar a FCT e adicará ese tempo á recuperación de ditas materias. No caso de superar as probas finais serán avaliados en xuño e se superan os módulos pendentes poderán matricularse para realizar a FCT de setembro a decembro.

## II. AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial está establecida no *artigo 12 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro*.

Esta avaliación ten como principais obxectivos adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

O IES Chan do Monte realiza unha sesión de avaliación inicial fixada pola Xefatura de Estudos para cada curso e grupo das diferentes etapas educativas unha vez transcorridas as dúas primeiras semanas de clase desde a data de inicio das actividades lectivas.

A sesión de avaliación inicial, realizada baixo a coordinación do profesorado titor, recollerá información achegada por diversas fontes:



- ✓ pai/nai/titor(es) legais do alumnado.
- ✓ información procedente do curso ou etapa anterior.

Tras a sesión de avaliación inicial o alumnado non disporá dun boletín de cualificacións, como si acontece nas avaliacións parciais e na final ordinaria, pero servirá para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos nos que sexa necesario, para demandar da xefatura do departamento de orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

### III. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO DA ESO

A repetición de curso é una medida de carácter excepcional, que se tomará cando estean esgotadas as medidas ordinarias de reforzo e apoio.

A decisión na avaliación final farase de xeito colexiado, atendendo aos obxectivos, competencias e á valoración das medidas que favorezan o progreso do alumnado.

Promocionará o alumnado que supera todas as materias ou obteña avaliación negativa en unha ou dúas materias incluídas as pendentes.

No caso de ter avaliación negativa en 3 o mais materias, o equipo docente pode decidir a promoción se cumpre todas as seguintes condicións:

- A media aritmética en todas as materias matriculadas é igual ou superior a 5.
- O equipo docente estima que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito, como materias sen continuidade, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución académica, por exemplo en casos como alumnado que tivo moitas faltas xustificadas por motivos de saúde, problemas familiares..
- Que non se producise o abandono de ningunha delas, entendendo por tal:
  - ✓ Que mantivese unha actitude positiva nas clases, de traballo e de esforzo.

- ✓ Que presentase os traballos requiridos ao longo do curso, incluído o período de recuperación.
- ✓ Que realizase as probas e exames.

#### IV. CRITERIOS DE TITULACIÓN DO ALUMNADO DA ESO

A decisión sobre a titulación do alumnado se levará a cabo de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos da etapa.

Titula o alumnado que supera todas as materias ou se cumpran todas as seguintes condicións:

- A media aritmética en todas as materias matriculadas é igual ou superior a 5.
- A xuízo do equipo docente o alumnado adquiriu todas as competencias e alcanzou os obxectivos da etapa.
- Que non se producise o abandono de ningunha delas, entendendo por tal:
  - ✓ Que mantivese unha actitude positiva nas clases, de traballo e de esforzo.
  - ✓ Que presentase os traballos requiridos ao longo do curso.
  - ✓ Que realizase as probas e exames.

O alumnado que non titule e supere os límites de idade poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase.

#### V. MATRÍCULA DE HONRA NA ESO

Unha vez obtida a media, en caso de ter mais alumnado proposto para matrícula de honra que os que permite a norma, establecerase o desempate seguindo o seguinte criterio:

- Maior nota media na etapa.
- Maior nota media en 4º e baixando cursos ata lograr o desempate.



- Maior número de 10, 9, 8,... en 4º e baixando cursos ata lograr o desempate.

#### VI. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE BAC

O alumnado promociona se supera todas as materias ou obtén avaliación negativa en 2 materias.

Só computan as materias que como mínimo deben cursar en cada un dos bloques.

No bloque de libre configuración autonómica só computa Lingua galega e literatura.

#### VII. CRITERIOS DE TITULACIÓN DO ALUMNADO DE BAC

O alumnado titula en bacharelato se ten avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

Excepcionalmente o equipo docente pode decidir a titulación do alumnado que supere todas as materias agás unha, sempre que se cumpran todas as seguintes condicións:

- Que o equipo docente considere que alcanzou as competencias e os obxectivos de etapa.
- Que non ten unha falta de asistencia continuada e non xustificada que está tipificada nas NOFC cun 10% das clases.
- Que se presentou as probas, incluídas as extraordinarias.
- Que realizou as actividades.
- Que a media aritmética en todas as materias da etapa cursadas, incluída a non superada, sexa igual ou superior a 5.

#### VIII. MATRÍCULA DE HONRA EN BACHARELATO

Unha vez obtida a media, en caso de ter mais alumnado proposto para matrícula de honra que os que permite a norma, establecerase o desempate seguindo o seguinte criterio:

- Maior nota media na etapa.



- Maior nota media en 2º Bacharelato.
- Maior nota media en 1º Bacharelato.
- Maior número de 10, 9, 8.....en 2º de Bacharelato e se segue o empate en 1º de Bacharelato.

#### IX. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE FP BÁSICA

A promoción do alumnado de FP Básica está establecida no *artigo 22 da Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia*.

O alumnado de primeiro curso terá promoción cando:

- a) Superase todos os módulos nalgunha das convocatorias establecidas.
- b) Os módulos profesionais asociados a unidades de competencia pendentes non superen o 20% do horario semanal e superase o módulos de Comunicación e Sociedade I ou o módulo de Ciencias aplicadas I.

O alumnado que non cumpra os requisitos de promoción ao segundo curso deberá repetir o primeiro curso na súa totalidade.

Ao fin de favorecer a inserción laboral do alumnado, mellorar a súa competencia profesional e certificar en calquera momento as unidades de competencias acreditadas, nos módulos asociados á unidade de competencia que fosen previamente superados manterase a cualificación obtida con anterioridade, e o alumnado cursará estes módulos coa finalidade de subir a cualificación, tal como se recolle no *artigo 58.1 do decreto 114/2011, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do Sistema educativo de Galicia*.

Segundo o *artigo 3.2 do Real decreto 1085/2020, do 9 de decembro, polo que se establecen validacións de módulos profesionais dos títulos de formación profesional do sistema educativo español e as medidas para a súa aplicación, e se modifica o Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo*, os módulos



profesionais que teñan os mesmos códigos serán considerados módulos idénticos, con independencia do ciclo a que pertencen, e trasladaranse as cualificacións obtidas previamente a calquera dos ciclos en que os devanditos módulos estean incluídos.

Xa que logo, no caso de alumnado que teña algún módulo avaliado positivamente por telo cursado previamente noutro ciclo de formación profesional básica, de ter idéntico código, cursará este módulo coa finalidade de subir a cualificación.

Non é posible subir a cualificación no módulo que teña aplicada unha validación.

O alumnado repetidor do segundo curso do ciclo matricularase dos módulos pendentes de segundo curso e, de ser o caso, dos módulos pendentes de primeiro curso.

#### X. CRITERIOS DE TITULACIÓN DO ALUMNADO DE FP BÁSICA

O alumnado titula en FP Básica se ten cualificación positiva en todos os módulos do ciclo.

O alumnado que despois da avaliación final de ciclo teña pendente exclusivamente a FCT poderá matricularse en calquera dos períodos establecidos na súa normativa reguladora. Ao remate de cada un destes períodos realizarase unha avaliación final extraordinaria, en que se avaliará unicamente o módulo de FCT, e, de ser o caso, realizarase a proposta de título correspondente.

Segundo o *artigo 19 da Orde EFP/279/2022, do 4 de abril, polo que se regula a avaliación, a promoción e a titulación en formación profesional a superación da totalidade dos módulos incluídos nun ciclo de Formación Profesional Básica conducirá á obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria*.





## XI. MATRÍCULA DE HONRA EN FP BÁSICA

Unha vez obtida a media, en caso de ter mais alumnado proposto para matrícula de honra que os que permite a norma, establecerase o desempate seguindo o seguinte criterio:

- Maior número de 10 en toda a etapa.
- Maior número de 9 en toda a etapa.
- Maior número de 8 en toda a etapa.
- E así sucesivamente ata romper o desempate.

## XII. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE CICLOS MEDIOS E SUPERIORES

A promoción do alumnado de Ciclos Medios e Superiores está establecida no *artigo 4, punto 2, da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.*

O alumnado de primeiro curso terá promoción cando:

- a) Superase todos os módulos do primeiro curso.
- b) A suma da duración do módulo ou dos módulos non superados non supera as 300 horas.

## XIII. CRITERIOS DE TITULACIÓN DO ALUMNADO DE CICLOS MEDIOS E SUPERIORES

O alumnado titula no ciclo se ten cualificación positiva en todos os módulos do ciclo (incluída a FCT e o proxecto no caso dos ciclos superiores).

A sesión de avaliación final de segundo curso realizarase logo de concluído o período ordinario de realización da FCT e o módulo de Proxecto, no caso de ciclos formativos de grao superior. A estes efectos, entenderase que o módulo de FCT é un módulo de segundo curso, de acordo co establecido no currículos correspondente a cada ciclo formativo.



Na sesión de avaliación final de módulos de segundo curso, o equipo docente:

- a) Realizará a proposta de título para o alumnado que obtivera cualificación positiva nos módulos de FCT e no módulo de Proxecto, no caso de ciclos formativos de grao superior
- b) Proporá a realización da FCT ao alumnado que recuperara os módulos pendentes de primeiro e segundo curso durante o período ordinario de realización da FCT. Este alumnado deberá formalizar unha nova matrícula para cursar o módulo de FCT e o módulo de Proxecto no caso de ciclos formativos de grao superior.

O alumnado que, despois da avaliación final de segundo curso, teña pendente exclusivamente a FCT e/ou o módulo de Proxecto, poderá realizalos en calquera dos períodos establecidos na súa normativa reguladora. Ao remate de cada un destes períodos realizarase unha avaliación final extraordinaria, en que se avaliará unicamente o módulo de FCT e/ou o módulo de Proxecto, no caso dos ciclos formativos de grao superior, e, de ser o caso, realizarase a proposta de título correspondente.

#### XIV. MATRÍCULA DE HONRA EN CICLOS MEDIOS E SUPERIORES

Unha vez obtida a media, en caso de ter mais alumnado proposto para matrícula de honra que os que permite a norma, establecerase o desempate seguindo o seguinte criterio:

- O alumno ou alumna con maior puntuación no Proxecto.
- Maior número de 10 en toda a etapa.
- Maior número de 9 en toda a etapa.
- Maior número de 8 en toda a etapa.
- E así sucesivamente ata romper o desempate.



## XV. PROTOCOLO PARA A ELABORACIÓN DE PLANS ESPECÍFICOS PARA ALUMNADO QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO CURSO

O *artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia* establece que o alumnado que repita un ano máis no mesmo curso deberá seguir un plan específico personalizado.

O plan específico para o alumnado repetidor será elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico do alumnado repetidor e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceden. Ao final do curso, na sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

O plan específico para o alumnado repetidor deberá incluír:

- a) Identificación do alumno/a.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación de información á familia.
- h) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- i) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- j) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- k) Acreditación de información á familia.

## XVI. CRITERIOS XERAIS PARA TRATAMENTO DAS MATERIAS PENDENTES

O *artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia* establece que o alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias e destinado a súa recuperación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que o/a alumno/a teñan pendente(s) de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor. O departamento didáctico velará pola realización dos plans de materias pendentes por parte do alumnado.

Para superar a materia pendente o alumnado deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceden.

O plan de reforzo para o alumnado con materias pendentes deberá incluír:

- a) Identificación do alumno/a.
- b) Información relevante sobre a(s) materia(s) sen superar.
- c) Currículo para desenvolver con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar con temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación de información á familia.



## XVII. PROCEDemento DE REVISIÓN E DE RECLAMACIÓNS AO LONGO DO CURSO E ÁS CUALIFICACIÓNS FINAIS

O Equipo Directivo deberá garantir o acceso do alumnado e/ou dos seus representantes legais á información básica relativa a programación didáctica, dando conta do procedemento establecido para a súa difusión na xornada de inicio de curso coas familias.

Para iso, ao inicio de curso, o profesorado responsable de cada departamento elaborará esta información no modelo normalizado e informará ao alumnado das programacións docentes da súa área ou materia.

Esta información básica incluírá os obxectivos, contidos e criterios de avaliación do ciclo ou curso correspondente aos mínimos esixibles para obter unha valoración positiva, os criterios de cualificación e os procedementos de avaliación da aprendizaxe que se vaian utilizar.

Sen prexuízo das obrigas do profesorado titor, o profesorado facilitará individualmente ao alumnado ou aos seus representantes legais toda a información que soliciten sobre os aspectos referidos á programación didáctica.

Nas sesións de avaliación, os/as titores/as trasladarán a información acordada, adoptando as medidas necesarias para asegurar a recepción efectiva desta.

O equipo docente do IES Chan do Monte sempre está dispoñible para que o alumnado e/ou os seus proxenitores reciban información sobre o proceso de ensino-aprendizaxe, revisen as cualificacións ou realicen reclamacións ás mesmas.

O alumnado e, no seu caso, os seus pais/nais terán acceso a todos os traballos, probas, exames e exercicios que teñan incidencia na avaliación do seu rendemento.

Os exames e traballos serán revisados no centro diante do profesor da materia e non poderán levalos a súa casa para a súa revisión.



Poderán presentar verbalmente alegacións e solicitar a revisión dos traballos ou probas realizadas. As alegacións ou solicitudes realizaranse ante cada profesor/a que resolverá persoalmente, co asesoramento, se o estima conveniente, do departamento didáctico.

O alumnado e/ou os seus proxenitores poden revisar as cualificacións obtidas en exames, probas escritas, traballos, ao longo do curso nas sesións de titoría que todo o profesorado ten consignado no seu horario semanal.

Realizadas as aclaracións ou modificacións pertinentes de xeito presencial co docente o alumnado e/ou os seus proxenitores está no seu dereito de reclamar unha copia do exame. Esta solicitude se realizará por rexistro na secretaría do centro cubrindo o impreso normalizado dispoñible.

O alumnado e, no seu caso, os seus pais/nais poderán reclamar verbalmente ou por escrito as cualificacións correspondentes a cada uno dos períodos de avaliación ante o propio profesor/a, directamente ou mediante a intervención do/a profesor/a titor/a. O profesor correspondente deberá responder a todas as reclamacións igualmente de maneira verbal ou por escrito.

O profesorado deberá conservar no centro durante todo o curso escolar e, polo menos, ata transcorridos 2 meses dende a finalización do prazo de reclamacións da avaliación final, os traballos, probas e exames realizados polos alumnos ou alumnas. Transcorrido ese prazo, poderán ser destruídos sempre que non se teña presentado reclamación.

A estes efectos entenderase que deben conservarse tanto os exercicios a que se refira a reclamación como os do resto do alumnado do grupo. En todo caso, os exercicios ou documentos que deban considerarse para resolver unha reclamación deberán conservarse mentres sexa posible unha resolución administrativa ou unha acción xudicial sobre eles.

De acordo co establecido nas NOFC do centro as reclamacións ás cualificacións finais faranse de acordo co disposto na normativa vixente para cada unha das ensinanzas impartidas no centro.



### XVIII. CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MENCIÓNS HONORÍFICAS

O *artigo 12 da Orde do 11 de febreiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato o sistema educativo de Galicia* establece que o alumnado de cuarto da ESO que, despois da avaliación final, obtivese unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra.

A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnado igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso da ESO.

O *artigo 18 da mesma Orde* establece que o alumnado de segundo de bacharelato que, despois da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra.

A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnado igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso de Bacharelato.



## 12. CRITERIOS XERAIS DA AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE E DO PROCESO ENSINANZA APRENDIZAXE. CONCRECIÓN DOS INDICADORES DE LOGRO

Mediante a elaboración da memoria do departamento quedará plasmada a avaliación da práctica docente e do proceso de ensinanza.

Empregarase os seguintes cadros de valoración que poderán ser recollidos nun formulario electrónico para o seu posterior estudio:

Nome:				
Organización da aula e aproveitamento dos recursos	1	2	3	4
Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa aportación de todos				
Fomento o respecto e a colaboración entre os alumnos e acepto as súas aportacións				
Distribúo o tempo axeitadamente				
Adopto distintos tipos de agrupamento en función da tarefa a realizar				
Organizo o espazo físico da aula en función das actividades a realizar				
Utilizo recursos didácticos variados para a presentación de contidos e para a práctica dos alumnos				
Sigo o libro de texto como fonte de coñecemento e eixo da programación				
A metodoloxía é activa: proxectos , traballos colaborativos....				
As actividades propostas están equilibradas entre individuais e grupais				
Reviso e actualizo a programación coas melloras introducidas durante o curso				
Deseño os meus propios instrumentos de avaliación				
Emprego ferramentas informáticas para obter as cualificacións e niveis competenciais				
Entrego os meus instrumentos de avaliación ás familias				
<b>Observación: 1.Pocas veces 2.Frecuentemente 3.Case sempre 4.Sempre</b>				





Nome:				
Avaliación da práctica docente	1	2	3	4
Fago avaliación inicial ao principio de curso				
Propoño plan de traballo para cada unidade				
Planifico situacións introdutorias previas ao tema				
Aproveito o interese dos alumnos por un tema determinado para utilizalo como centro de interese				
Manteño o interese do alumnado				
Relaciono contidos e actividades cos coñecementos previos				
Comunico a finalidade, importancia e aplicación na vida real das aprendizaxes.				
Proporciono estratexias e ferramentas para que os alumnos descubran os contidos				
Teño en conta o nivel de habilidades dos alumnos, e en función del adapto o proceso de ensino-aprendizaxe				
Cando a motivación decae propoño actividades divertidas e curiosas				
Dou información dos progresos e das dificultades atopadas				
Obsérvanse as actividades dos alumnos				
Proporciono ao alumnado ás rúbricas de avaliación para que saiban como e de que se lles vai avaliar				
Analízanse traballos realizados de xeito individual e en grupo				
Analízanse traballos realizados de xeito individual e en grupo				
Lévase rexistro da observación sistemática				
Fanse entrevistas co alumnado				
Fanse probas orais				
Fanse probas escritas sobre pequenos bloques				
Fanse probas escritas sobre grandes bloques				
Tense en conta a existencia de probas doutras materias para colocar a da propia				
Son accesible ás familias				
<b>Observación: 1.Poucas veces 2.Frecuentemente 3.Case sempre 4.Sempre</b>				

### 13. DECISIONS E CRITERIOS XERAIS NA ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

Os diferentes departamentos didácticos do IES Chan do Monte desenvolverán o currículo establecido mediante as Programacións Didácticas de cada materia/curso. Estas programacións didácticas son públicas e están a disposición da comunidade educativa na páxina web do noso centro.

Na elaboración das programacións didácticas, a xefatura de cada departamento deberá coordinar e responsabilizarse da redacción da programación didáctica das diferentes materias que se integran no seu departamento.

As programacións serán entregadas antes do inicio das actividades lectivas á Xefatura de estudos para o seu envío ao Servizo de Inspección Educativa.

As programacións didácticas das diferentes materias, de primeiro e terceiro curso da educación secundaria obrigatoria e de primeiro curso de bacharelato (Cursos LOMLOE), incluirán como mínimo os seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- c) Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluirán a parte do currículo da área, materia ou ámbito que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación.
- d) Metodoloxía
  - a. Concrecións metodolóxicas.
  - b. Materiais e recursos didácticos.
- e) Avaliación
  - a. Procedemento para a avaliación inicial
  - b. Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación.



- c. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- f) Medidas de atención á diversidade.
- g) Transversal.
  - a. Concreción dos elementos transversais.
  - b. Actividades complementarias.
- h) Práctica docente.
  - a. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
  - b. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

As programación didácticas das diferentes materias, de segundo e cuarto curso da educación secundaria obrigatoria e de segundo curso de bacharelato (Cursos LOMCE), incluirán como mínimo os seguintes elementos:

- i) Introducción e contextualización.
- j) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- k) Concreción dos obxectivos para cada curso.
- l) Concreción dos estándares de aprendizaxe.
- m) Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- n) Materiais e recursos didácticos que se vaian a utilizar.
- o) Criterios de avaliación.
- p) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.
- q) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.



- r) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso de bacharelato.
- s) Deseño da avaliación inicial.
- t) Medidas de atención á diversidade.
- u) Concreción dos elementos transversais
- v) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.
- w) Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

As programacións didácticas dos diferentes módulos, dos cursos de FP Básicas, así como dos ciclos Medios e Superiores, incluírán como mínimo os seguintes elementos:

- a) Identificación da programación.
- b) Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.
- c) Relación das unidades didácticas que integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.
  - a. Identificación da unidade didáctica.
  - b. Resultados de aprendizaxe do currículo que se trata.
  - c. Obxectivos específicos da unidade didáctica, en relación coas actividades de ensino e aprendizaxe.
  - d. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado, en relación

cos instrumentos de avaliación, os mínimos exixibles e o peso da cualificación.

- e. Contidos.
- f. Actividades de ensino aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación.
- d) Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.
- e) Procedemento para a recuperación das partes non superadas.
  - a. Procedemento para definir as actividades de recuperación.
  - b. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua.
- f) Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.
- g) Medidas de atención á diversidade.
  - a. Procedemento para a realización da avaliación inicial.
  - b. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.
- h) Aspectos transversais.
  - a. Programación de educación en valores.
  - b. Actividades complementarias e extraescolares.
- i) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.
- j) Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

## 14. ANEXO I

Curso	Cod Asignatura	CCL	CMCT	CD	CSC	CEC	CPAA	SIE
1ESO	BX	5	20	12	4	9	9	5
1ESO	XEHI	10	2	12	50	10	9	6
1ESO	EF	2	2	2	4	9	9	30
1ESO	ING	15	0	12	4	9	9	5
1ESO	FR	15	0	12	4	9	9	5
1ESO	LC	22.5	2	12	5	9	9	5
1ESO	LG	22.5	2	12	5	9	9	5
1ESO	AGRLG1	22.5	2	12	5	9	9	5
1ESO	MAT	2	70	12	15	9	10	5
1ESO	AGRM1	2	70	12	15	9	10	5
1ESO	EPV	2	2	12	5	9	9	30
1ESO	REL	2	0	1	2	9	9	2
1ESO	VET	2	0	1	2	9	9	2
1ESO	EVA	2	0	1	2	9	9	2

Curso	codAsignatura	CCL	CMCT	CD	CSC	CEC	CPAA	SIE
2ESO	FQ	2	25	8	5	2	8	6
2ESO	XEHI	8	3	8	20	13	8	0
2ESO	EF	2	3	2	15	2	10	30
2ESO	ING	14	0	8	6	13	8	0
2ESO	FR	14	0	8	0	13	8	6
2ESO	LC	24	1	8	6	13	8	6
2ESO	AGRLC2	24	1	8	6	13	8	6
2ESO	LG	24	0	8	6	13	8	6
2ESO	MAT	2	40	10	6	2	8	6
2ESO	AGRM2	2	40	10	6	2	8	6
2ESO	TEC	2	25	20	10	2	10	25
2ESO	MUS	2	3	10	6	13	8	6
2ESO	REL	3	0	5	10	7	8	4.5
2ESO	EVA	3	0	5	10	7	8	4.5
2ESO	VET	3	0	5	10	7	8	4.5



Curso	codAsignatura	CCL	CMCT	CD	CSC	CEC	CPAA	SIE
3ESO	BX	2	13	5	3	2	6	4
3ESO	FQ	2	13	5	3	2	6	4
3ESO	XEHI	6	3	8	15	9	6	4
3ESO	EF	2	3	2	11	2	8	19
3ESO	ING	12	0	6	6	9	7	0
3ESO	FR	12	0	6	6	9	7	4
3ESO	CCL	6	3	6	6	9	6	4
3ESO	LC	23	1	6	6	9	7	4
3ESO	AGRRC3	23	1	6	6	9	7	4
3ESO	LG	23	0	6	6	9	7	4
3ESO	MAT	2	35	6	3	2	7	4
3ESO	MAP	2	35	6	3	2	7	4
3ESO	TEC	2	13	20	10	1	8	18
3ESO	MUS	2	3	6	3	10	6	4
3ESO	EPV	2	13	10	6	9	7	19
3ESO	REL	2	0	4	8	9	6	4
3ESO	EVA	2	0	4	8	9	6	4
3ESO	VET	2	0	4	8	9	6	4
4ESO	BX	2	13	4	3	2	5	4
4ESO	FQ	2	13	4	3	2	5	4
4ESO	XEHI	5	3	4	15	8	5	4
4ESO	ECO	2	15	4	3	2	5	4
4ESO	FIL	5	0	4	5	8	5	4
4ESO	EF	2	3	2	11	2	8	16
4ESO	ING	11	0	4	5	8	7	0
4ESO	FR	11	0	4	5	8	7	4
4ESO	LAT	6	3	4	5	8	5	4
4ESO	LC	21	1	4	5	8	7	4
4ESO	LG	21	0	4	5	8	7	4
4ESO	MAT	2	30	4	3	2	7	4
4ESO	TIC	2	3	35	8	1	7	16
4ESO	MUS	2	3	4	3	9	5	4
4ESO	EPV	2	13	11	5	8	7	16
4ESO	REL	2	0	2	8	8	4	4
4ESO	VET	2	0	2	8	8	4	4



CodAsignatura	Nombre Asignatura	Departamento
AGRLC2	Agrupamento LC 2ESO	DEPT-LC
AGRLC3	Agrupamento LC 3ESO	DEPT-LC
AGRLG1	Agrupamento LG 1ESO	DEPT-LG
AGRM1	Agrupamento Matemáticas 1ESO	DEPT-MAT
AGRM2	Agrupamento Matemáticas 2ESO	DEPT-MAT
BX	Biología e Xeoloxía	DEPT-BI-XE
CCL	Cultura Clásica	DEPT-LAT
ECO	Economía	DEPT-ECO
EF	Educación Física	DEPT-EF
EPV	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	DEPT-PLAST
EVA	Relixión Evanxélica	DEPT-RELEV
FIL	Filosofía	DEPT-FILO
FQ	Física e Química	DEPT-FQ
FR	Francés	DEPT-FR
ING	Ingles	DEPT-ING
LAT	Latín	DEPT-LAT
LC	Língua Castelá e Literatura	DEPT-LC
LG	Língua Galega e Literatura	DEPT-LG
MAP	Matemáticas Aplicadas	DEPT-MAT
MAT	Matemáticas	DEPT-MAT
MUS	Música	DEPT-MUS
REL	Relixión Católica	DEPT-RELCAT
TEC	Tecnoloxía	DEPT-TEC
TIC	Tecnoloxías da Información e da Comunicación	DEPT-INF
VET	Valores Éticos	DEPT-FILO
XEHI	Xeografía e Historia	DEPT-XE-HI